

RÍO ANLLÓNS

(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Pena Gallada (Montes do Xalo)
LONXITUDE	54,4 km
PERCORRIDO	Poboacións: Carballo, Ponteceso
DESEMBOCADURA	Ponteceso (Ría de Corme e Laxe)
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 516,3 km ² CONCELLOS: Cerceda, Laracha, Carballo, Coristanco, Cabanas e Ponteceso. LESTE: Montes Xalo e Carboeiro SUR: Montemaior, Castelo e Couso NORTE: Monte Neme OESTE: montes de Borneiro, Montes da Serra e Canto Branco
AFLUENTES DEREITA	Liñeira, Devesas, Ramallás, Pedamio
AFLUENTES ESQUERDA	Acheiro, Rosende, Balsa, Vao, Lourido, Cundins, Anós. Río Rosende: nace en Montemaior e xúntase co Anllóns facendo linde entre Carballo e Coristanco. Río Cundíns: nace nos montes do Couso e xúntase co Anllóns en O Esto (Cabana de Bergantiños).
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	Despois dun rápido descenso dos montes do Xalo e Santa Baia remánsase e discorre maino e sinuoso cara á desembocadura, agás no tramo do Coto de Verdes onde se encaixa e forma unha sucesión de rápidos e pequenos saltos. Nos seus afluentes abundan as fervezas: -Ferveza de San Paio ou de Entrecruces. No río Outón tamén chamado da Férveda e Taboada, afluente do río Grande (Rosende-Anllóns). Acada 30 m de altura en gabros con tres saltos. -Ferveza de Rus. No rego da Férveda, afluente do Casal do Perros (río Grande-Rosende). No lugar de Ramil (Santa Eufemia), na parroquia de Rus (Carballo). -Río Baiabosa ou Garguiña, afluente do Cundins (Anllóns). Na parroquia de Rioboo (Cabana de Bergantiños). -Rego das Bouzas (Pelamio-Anllóns), no Lugar de Brixería (Cospindo-Ponteceso). Na desembocadura forma un esteiro e na saída ao mar unha gran frecha areosa (A Barra) na que se desenvolve un amplo sistema dunar que se complementa coas dunas remontantes do Monte Branco.
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial. Presenta augas altas entre xaneiro e febreiro e augas baixas en agosto e setembro.
CAUDAL	11,4 m ³ /s
FLORA	Nas marxes consérvanse bosques de ribeira con amieiras, salgueiros, freixos, sabugueiros, carballos... Na beira do río e nas zonas de corrente lenta hai pé de boi, oucas, herbas da prata, fentos, brións...
FAUNA	Hai unha gran diversidade de aves (paxaros de ribeira, garzas, lavancos, merlo rieiro, limícolas...), anfibios (pintafontes, sapos, ras...), peixes (troitas, anguías, escalos...) e insectos (libeliñas, cabalos do demo, escaravellos...).
APROVEITAMENTO	Subministro de auga, pesca, enerxía eléctrica e lecer. No curso principal hai dúas minicentrales (Anllóns e Corcoesto) e outra no Calvar. Refuxio de Verdes (Coristanco). Un espazo habilitado como área de lecer onde se conservan varios muíños e os restos dun batán. O río Anllóns ao seu paso polos Verdes ábrese en múltiples de brazos que forman illas, rápidos e pequenas fervezas o que conforma un agradable espazo natural.
ESPAZOS PROTEXIDOS	O curso do río Anllóns desde Carballo ata a desembocadura en Ponteceso, e os seus afluentes Balsa e Rosende, están protexidos como LIC. A desembocadura está incluída no LIC "Costa da Morte".

DATOS HISTÓRICOS	Toda a zona foi poboada desde tempos moi antigos e conserva un rico patrimonio histórico e etnográfico. A ponte Lubiáns, sobre río Rosendo, entre os concellos de Carballo e Coristanco, foi construída ao parecer polos romanos no século I. Por aquí, cruzaba unha calzada romana coñecida coma <i>Per Loca Marítima</i> , que partía de A Coruña ata Fisterra.
PROBLEMAS	Contaminación, obras na canle do río, centrais eléctricas, especies invasoras...

